



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000042

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos, do día quince de decembro de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez. Non asisten por causas xustificadas, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e Visto que existe o mínimo quórum para celebrar a sesión, queda aberta pola Presidencia e celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 01.12.22 (ORDINARIA) .-

Dáse conta pola secretaria municipal da existencia de erro en proposta de alcaldía de expte de obras e urbanismo (expte. obras nº 45/2019 de prórroga de licenza).

Procedendo someter a aprobación a proposta de Alcaldía que se transcribe, aos efectos de salvar o dito erro e aprobar a acta do 1.12.22 coa modificación:

RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS (EXPTE. NÚM. 45/2019); ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1.12.2022.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“En Xunta de Goberno Local de data 1.12.2022 apróbase a prórroga para a licenza de obras para a construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] expte. de obras 45/2019, promotovida por [REDACTED]”

A Secretaría, debidamente autorizada pola Presidencia fai constar ao respecto a existencia dun erro na aplicación da taxa pola tramitación de dito expediente e de que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou*

por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio procede á emenda de dita erro, de xeito que no punto Segundo do acordo adoptado debe figurar como importe da taxa 4,81 € e non 48,08 €; sin que o contido do acordo adoptado na sesión do 1.12.22, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

En Valdoviño, o 14 de decembro de 2022.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), acorda a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

En consecuencia, acorda do mesmo xeito de votación, aprobar a acta da sesión do 1.12.2022 coa modificación que antecede.

2º.- ESCRITO DE SYR-AMG EN RELACIÓN Á REVISIÓN DE PREZOS NA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA TRAMITADO CO NÚMERO 2021/C003/000007.- “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRÁDIGAS E OUTROS”.-

Expte. 2021/C003/000007

Proxecto obra: REPARACIÓN ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRÁDIGAS E OUTROS.

Asunto: Escrito empresa adxudicataria (SYR-AMG) relativa a revisión de prezos.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de escrito presentado por SYR-AMG en data 7.12.2022, de nº rexistro 202299900001846 do seguinte contido:

“D. [REDACTED] con DNI nº [REDACTED] en nome e representación de SYR-AMG, S.L con domicilio social en Froxil, 5 Mesón do Vento, 15689 Ordes A Coruña, CIF Nº B-15.938.780, como adxudicatario da obra: “Reparación de estradas en Beceiros, Domondo, Frádigas e Outros”.

EXPÓN: Que en data 19/05/2022 presentouse escrito solicitando revisión excepcional de prezos, ao abeiro do R.D.L 13/2022 de 2 de marzo “de medidas excepcionales en materia de revisión de prezos en los contratos públicos de obras”.

Para poder xustificar dita revisión de prezos necesitamos ter os índices dos prezos dos materiais actualizados, ao mes das certificacións da obra en cuestión.

Acontece que o Instituto Nacional de Estadística (INE) a data de hoxe só ten publicados os índices de prezos de materiais ata o mes de marzo de 2022, polo que teremos que esperar á

publicación dos índices do mencionando mes para proceder ao cálculo da revisión de precios correspondente a esta obra.

Unha vez que o INE publique os índices ao mes da última certificación, presentaremos ao Concello os cálculos xustificativos da revisión de precios.
Para que conste e aos efectos oportunos, asina a presente.
En Mesón do Vento, a 05 de decembro de 2022.
Asdo. José Antonio Gómez Rodríguez”

A dita obra está executada e recepcionada con data 05/09/22 así como xustificada ante a Deputación Provincial da Coruña quen notifica en data 29.09.22 a aprobación e acordo de pagamento a Concello.

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), de:

Primeiro.- Trasladar ao Diretor de Obra, Miguel Angel Fernández Rivera a petición da empresa SYR-AMG aos efectos de que informe sobre os índices de prezos dos materiais actualizados ao mes das certificacións de obra.

Segundo.- Se emitan os correspondentes informes pola secretaría e intervención municipal sobre a petición da empresa.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á peticionaria.

3º.- SOLICITUDE DE RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA PASO PERMANENTE DE VEHICULOS, INSTADA POR DON [REDACTED] EN REPRESENTACIÓN DA C.P. EDIFICIO MIRAMAR, 17 (VALDOVIÑO).-

En data 04/11/2022, rexistrase co número 202299900001694, escrito presentado por [REDACTED] en representación de C.P. Edificio Miramar, nº 17 con [REDACTED] solicitando vado para o inmovible sito en Avd. Gándara de Abaixo, nº 5, parroquia de Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 12 de decembro 2022, no que relata:

“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza haciendo esquina entre Avd. Gándara de Abaixo y Avd. Areeiros- Valdoviño, se identifica con el número de referencia catastral 9394161NJ6299S0001GW, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina Avd. Areeiros y se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.6.0163.

El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso Al inmueble que se identifica con el número de referencia catastral 9394161NJ6299S0001GW, será de cinco metros, (frente al vial de titularidad municipal denominado Avd. Areeiros y que se identifica con el número de activo 1C.6.0163).

Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.

Se adjunta una fotografía y plano de situación.”

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

.- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a petición do solicitante [REDACTED] en representación de C.P. Edificio Miramar, nº 17, con [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca/inmable ubicada en Avd. Gándara de Abaixo nº 5, parroquia e termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 43 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de dezaioito euros e corenta e cinco céntimos **(18,45**

€); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE”

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen) de aprobar a proposta de alcaldía anteriormente transcrita; concedendo reserva de via pública, que se tramita en expediente núm. 2022/V008/000003.

4º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS; A INSTANCIA DE DONA MIRIAM RODRÍGUEZ BOUZA.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte. 2022/R002/000002

Vista a instancia de dona [REDACTED] formulada en data 7 de decembro de 2022, rexistro xeral de entrada núm. 20220000003708 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron a interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE”

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen) de aprobar a proposta de alcaldía anteriormente transcrita; concedendo a licenza solicitada, que se tramita en expediente núm. 2022/R002/000002.

5º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2022/52.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación, do informe de intervención con reparo suspensivo, levantado pola alcaldía mediante decreto 679/2022 e posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Conforme relación de facturas confeccionada polos Servizos Económicos do Concello de Valdoviño baixo o número F/2022/52 e remitida a Intervención municipal, a contía total da mesma ascende a CENTO CATRO MIL TRES CENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (104.384,55 €). Neste senso, as 7 facturas que integran a relación de facturas núm. F/2022/52 figuran como anexo á proposta efectuada.

Visto o Informe de Intervención DESFAVORABLE 52/222 (Informe nº EMP 122/2022) emitido en data 13 de decembro do 2022 con reparo suspensivo á factura OE 0522022 con número de entrada F/2022/2113 que figura na Relación contable de facturas F/2022/52.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPOÑO

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas F/2022/52 segundo a relación confeccionada polos servizos económicos do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Autorizar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de CENTO CATRO MIL TRES CENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (104.384,55 €).

Mándao e asínoa dixitalmente o Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe”

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), de aprobar a proposta de Alcaldía (Tramitación expediente nº 2022/X999/000140).

6º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Rectificación erro en expte obras nº 24/2021.-

Proposta de Alcaldía:

.-RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE LICENZA DE OBRAS (EXPTE. NÚM. 24/2021); ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24.03.2022.

En Xunta de Goberno Local de data 24.03.2022 apróbase a licenza de obras para a construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] do expte. de obras 24/2021, promovida por Carlos Dopico Fraga e Natalia Diaz Cribeiro.

A Secretaría, debidamente autorizada pola Presidencia fai constar ao respecto a existencia dun erro ortografico no acordo e, por extensión, na Licenza de autorización das obras e de que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio procede á emenda de dita erro, de xeito que segue:

Onde di: “**Primeiro.-** Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar a [REDACTED]..”

Debe dicir: **Primeiro.-** Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar a [REDACTED]

Sen que o contido do acordo adoptado na sesión do 24.03.22, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

En Valdoviño, o 14 de decembro de 2022.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión de aprobación da rectificación do erro padecido e segundo a anterior proposta de Alcaldía.

.-Licenza de parcelación.-

Expte 2022/U018/000001 (1/2022)

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“.- Expte. de parcelación 2022/U018/000001 (exp. 01/2022).- [REDACTED] (representado por [REDACTED]).- **Para licenza de parcelación de finca** en Lugar de [REDACTED] Valdoviño.

Proxecto de parcelación de finca realizado polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a Tecnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico, de data 31.01.2022.

A parcela obxecto deste proxecto correspóndense coa referencia catastral nº 15088A501006400000GG.

O que se pretende é parcelar a finca orixinal que se atopa en Solo de Núcleo Rural en tres parcelas, resultando as parcelas seguintes (ver planos n.º 02,02a, 02b, 02c do proxecto):

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA RESULTANTE FR-01	1.225 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.225 m ²
			Sup. parcela Neta	1.225 m ²
			Sup Cesión viales	---
PARCELA RESULTANTE FR-02	1.207 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.207 m ²
			Sup. parcela Neta	1.207 m ²
			Sup Cesión viales	---
PARCELA RESULTANTE F-03-RFM	876 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	876 m ²
			Sup. parcela Neta	876 m ²
			Sup Cesión viales	---

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 14 de decembro de 2022**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 14 de setembro de 2022**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación de finca solicitada a [REDACTED] (representado por [REDACTED] sita no [REDACTED] parroquia de Lago, Valdoviño; nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:

CONDICIÓN DA LICENZA) de data 14 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 396,96 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GÓNZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), de concesión de licenza de parclación (Expte. 01/2022) segundo a anterior proposta de Alcaldía. (Tramitación expediente nº 2022/U018/000001).

.-Licenza de primeira ocupación

Proposta de Alcaldía:

“Expte.05/2019.- [REDACTED]

Para a licenza de primeira ocupación de vivanda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 93/2016, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/11/2016 e co expediente de legalización de obras 154/2021 que foi outorgada por acordo en sesión de Xunta de Goberno Local celebrada o 30/09/2021.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 09/12/2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivanda) e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder aos peticionarios [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivanda unifamiliar sita no [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivanda de Galicia.

Segundo.- Practicáraselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de 75,20 euros, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 09/12/2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, a 13 de decembro de 2022.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), de conceder licenza de primeira ocupación segundo proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

.- Licenza de obra maior.

Expte: 232/2022. Tedec: 2022/U022/000021

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“.- Expte. de obras 232/2022.- [REDACTED] (representados por [REDACTED] - Para as obras de rehabilitación de vivanda unifamiliar aillada, situada no [REDACTED] (referencias catastrais nº 15088A062002500001JK, 15088A062002490001JD e parte da 15088A062002550000HH).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSPP), en vigor neste Concello, a edificación do asunto atopase situada nunha parcela clasificada e calificada como **Solo non Urbanizable (común)**. A este respecto, tendo en conta o establecido na disposición transitoria primeira, apartado 2.d) da Lei do Solo de Galicia “ao solo non urbanizable ou rústico, se lle aplicará o disposto na presente Ley para Solo Rústico”. E neste caso correspóndelle a categoría de **Solo Rústico de protección ordinaria**.

Non entanto, o ámbito no que se sitúa a edificación atopase afectado pola Modificación Puntual nº 14 das NNSPP para a delimitación de solo de núcleo rural (MP), clasificándose segundo esta MP o solo como **Núcleo rural tradicional, grao T2**.

Achegase o proxecto básico e de execución de obras redatado polo arquitecto David Novo López así como o oficio de dirección de obra a nome do mesmo arquitecto e visado.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 13/12/2022 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E Visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 14/12/2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a licenza municipal de obras de rehabilitación de vivanda unifamiliar aillada situada no [REDACTED] (referencias catastrais nº 15088A062002500001JK, 15088A062002490001JD e parte da 15088A062002550000HH). Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto David Novo López e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 13 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1.153,64 €. ICIO.- 5.306,76 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

Asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), de concesión de licenza de obra maior (Expte. 232/2022) segundo a anterior proposta de Alcaldía. (Tramitación expediente nº : 2022/U022/000021).

7º.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DAS SOLICITUDES DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2022.-

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E MENORES 2022 (AGASALLOS DE NADAL):

“Vista a proposta de informe de valoración das “Axudas para as medidas de apoio ás familias e menores na adquisición de agasallos de Nadal” do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido pola educadora social Iria García Martínez

e vista a acta asinada da Comisión avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras, conformado por:

- Ana Pérez (Concelleira Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Alberto González (Alcaldía- Presidente)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)

e que se transcribe a continuación

ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2022

Reunida a Comisión avaliadora en relación ao prazo extraordinario das MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2022, o día 13/12/2022 ás 10:30 horas, procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instrutor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

INFORME- PROPOSTA CONCESIÓN PROVISIONAL DAS SOLICITUDES DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2022.

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en aplicación das bases que regulan as axudas para a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias (aprobadas por Resolución de alcaldía en data 28.11.2022) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello

INFORMO:

1. Que foron valoradas as 35 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos.
2. Que aquelas familias que xa solicitaron anteriormente a axuda para material escolar e transporte, ao coincidir a documentación solicitada e xa constar esta no poder do Concello, non foi preciso presentala, agás as actualizacións pertinentes.
3. Que nos restantes casos, a documentación está completa e cumpre cos requisitos.
4. Que a avaliación foi realizada segundo os criterios contemplados nas bases da convocatoria.
5. Tras a revisión das solicitudes por parte do equipo técnico do Departamento, obtense o seguinte resultado:

5.1. CUMPREN os requisitos establecidos nas bases un total de 33 SOLICITUDES:

	SOLICITANTE	DNI	Nº MENORES	CANTIDADE CONCEDIDA
1	M.V.B.M.		2	100€
2	M.A.R.P.		2	100€
3	J.P.M.		1	50€
4	M.R.O.C.		2	100€
5	A.M.P.A.		2	100€
6	L.H.L.		3	150€
7	M.A.D.B.		1	50€
8	M.C.V.G.		1	50€
9	J.M.R.		2	100€
10	M.L.C.P.		1	50€
11	M.A.R.D.		1	50€
12	C.B.F.		1	50€
13	M.A.U.P.		1	50€
14	J.A.Q.		2	100€
15	I.C.H.		2	100€
16	A.L.P.		1	50€
17	C.A.F.		3	150€
18	M.L.J.J.		5	250€
19	I.B.N.		1	50€
20	C.M.N.		3	150€
21	U.M.M.		2	100€
22	A.C.G.		2	100€
23	M.C.P.D.		1	50€
24	M.E.A.L.		2	100€
25	A.N.R.T.		2	100€

26	M.C. G.G.		6	300€
27	M.D.V. V.		1	50€
28	M.A.A.		2	100€
29	M.C.A.B.		1	50€
30	M.E.R.J.		1	50€
31	A.B.L.		2	100€
32	N.C.A.		1	50€
33	X.M.C.V.		2	100€

O importe TOTAL de axudas que se propón conceder ascende a 3100 euros

5.2. **NON CUMPREN** cos requisitos establecidos nas bases 2 SOLICITUDES:

	SOLICITANTE	DNI	Nº MENORES	MOTIVO DA DENEGACIÓN
1	I.A.L.		2	Superación do límite de ingresos establecidos no punto 6.5 das bases.
2	M.R.F.		2	

NOTA:

Unha vez se resolta a subvención, as familias deberán xustificar a compra realizada mediante **documentos formais e o Anexo II** debidamente cuberto e asinado, **entre o 10 e o 20 de xaneiro** (facturas das compras realizadas ata o 31 de decembro de 2022).

*Para aquelas familias que teñan dificultade para adiantar a compra por insuficiencia económica, existe a opción de solicitar a cesión do dereito de cobro, resultando disto unha xestión de pagamento directo ao establecemento (**Anexo III**).

Este é o informe que se emite para que sexa elevado a Comisión Avaliadora e que teña efecto a proposta de concesión de axudas para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.

En Valdoviño a 13 de decembro de 2022

Iria García Martínez
Educativa Social

Os membros da Comisión avaliadora aproban o informe presentado, coa correspondente aprobación do gasto por un importe total de 3100 euros:

- Ana Belén Pérez (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcalde- Presidente)

Valdoviño, 13 de decembro de 2022

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesións das axudas para as medidas de apoio ás familias para a adquisición de agasallos de Nadal do ano 2022 por un valor total de 3100 euros e proceder á xestión das ditas concesións.

Valdoviño, 14 de decembro de 2022

O Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen) de aprobar a proposta de alcaldía anteriormente transcrita.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Despois de ratificar a Xunta de Goberno Local mediante unanimidade, a urxenza da proposta de Alcaldía que de seguido se refire, exposta polo sr. alcalde, polo feito de ter axilizado os permisos para actividades de escolas de surf e similares; queda incluído fóra da Orde do Día desta sesión dito asunto:

.- ASUNTO: CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE CATRO PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO EXCEPTO PANTÍN E CAMPELO, DURANTE AS TEMPADAS 2023,2024,2025 POR QUEDAR VACANTES NA CONVOCATORIA DE 2022 E SUXEITAS AS BASES REGULADORAS PUBLICADAS NO DOG. 74 EN DATA 19 DE ABRIL DE 2022.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Valdoviño conta cunha ordenanza reguladora de uso das praias na que segundo o artigo 7 a realización de calquera tipo de actividade deberá dispor da preceptiva autorización municipal. As actividades deportivas e turísticas na praia, coma a práctica dos deportes acuáticos, vincúlase á necesidade de manter a seguridade así coma garantir o uso libre e gratuíto.

Tendo solicitado o Concello de Valdoviño para as tempadas 2022,2023,2024,2025 á Demarcación de Costas do Estado en Galicia no ano 2022 a xestión conxunta de tódolos areas do concello deste tipo de servizos de tempada situadas nas zonas de dominio público marítimo terrestre de conformidade co previsto no artigo 53.1 da Lei 22/88, do 28 de xullo, de Costas.

O Concello de Valdoviño no DOG N°74 de data 19 de abril de 2022 publica as “*Bases de condicións económico-administrativas para a adxudicación dos permisos para a actividade de escolas de surf e similares nas praias do Concello de Valdoviño para a tempada 2022,2023,2024,2025.*” nas que se limitan as autorizacións a un **número máximo de 16 no termo municipal do Concello de Valdoviño** excepto para a praia de Campelo, limitando a un número máximo de 8 autorizacións para a praia de Pantín entendéndose praia específica para as anualidades 2022,2023,2024,2025. Tramitado o procedemento correspondente sinalado nas bases, por resolución de alcaldía N°290/2022 outórganse **12 permisos** para o desenrolo da actividade en todas as praias do termo municipal do Concello excepto para Campelo, quedando cubertas as 8 autorizacións existentes para a praia de Pantín e quedando así **vacantes 4 permisos para o resto de praias do Concello de Valdoviño excepto Pantín e Campelo das inicialmente publicadas.**

Porén concedida o Concello de Valdoviño a xestión directa durante as anualidades 2022-2025 e existindo 4 autorizacións vacantes para tódalas praias do Concello de Valdoviño excepto Pantín e Campelo durante anos 2023,2024,2025, procede aperturar o proceso para a concorrencia no procedemento de concesións de permisos que se rexerá polo disposto “*Bases de condicións económico-administrativas para a adxudicación dos permisos para a actividade de escolas de surf e similares nas praias do Concello de Valdoviño para a tempada 2022,2023,2024,2025.*” DOG N°74 de data 19 de abril de 2022.

O prazo da autorización será, previa a autorización da Demarcación de Costas, de 3 anos nas datas comprendidas entre o 1 de febreiro ao 31 de decembro dos anos 2023,2024 e

2025.

Examinada a documentación obrante no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN a Xunta de goberno local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Abrir a convocatoria para a concorrencia no procedemento de adxudicación de 4 permisos para a actividade de escolas de surf e similares nas praias do Concello excepto Pantín e Campelo para as tempadas 2023,2024,2025 por quedar vacantes na convocatoria da tempada 2022 e rexidas polas bases publicadas no DOG N°74 de data 19 de abril de 2022 e na web municipal .

SEGUNDO.- Dar publicidade do presente acordo para que as entidades interesadas presenten a súa solicitude xunto a documentación complementaria sinalada “*Bases de condicións económico-administrativas para a adxudicación dos permisos para a actividade de escolas de surf e similares nas praias do Concello de Valdoviño para a tempada 2022,2023,2024,2025.*” publicadas no DOG N°74 de data 19 de abril de 2022. Dispoñerase dun prazo de 10 días naturais dende a publicación do presente acordo no DOG .

En Valdoviño O Alcalde. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen) de aprobar a proposta de alcaldía anteriormente transcrita.

PARTE ACTIVIDADE

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

